



**XUNTA
DE GALICIA**

Tribunal cualificador do proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos nomeado pola *Orde do 8 de setembro de 2008 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*.

Segundo exercicio do proceso selectivo para o ingreso na escala de museos do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B)

SUPOSTO B

CONTESTE CADA UNHA DAS PARTES DO SEGUINTE SUPOSTO

1º. Un museo de titularidade estatal e xestión transferida á Xunta de Galicia recibe unha resolución da Consellería de Cultura e Deporte autorizando o ingreso de tres bens de carácter arqueolóxico, histórico-artístico e etnográfico. Ditos bens foron ofertados como doazón dun particular directamente ao museo e estaban depositados nel mentres se resolvía a oferta.

Describe o proceso a seguir desde este momento para o ingreso efectivo dos bens no museo.

2º. Cumprimente as fichas de inventario que se xuntan de cada un dos bens, excepto o derradeiro apartado, na orde na que se entregan as imaxes.

3º Indique as condicións medioambientais estándar para a conservación de cada un dos bens.

4º. O ben identificado co números 1) na imaxe é destinado a unha sala de exposición permanente e os identificados cos números 2) e 3) ao almacén xeral do museo.

Describe os sistemas e medios de exposición e de almacenamento, respectivamente, que deben empregarse para cada ben.

5º. Para o ben identificado na imaxe co número 1) debe indicar o contido da cartela identificativa que o acompaña na exposición e deseñar unha folla de man que amplíe a información sobre el (describindo as características que debe ter unha folla didáctica e redactando o texto da mesma).